



Instrucións da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais en relación ao proceso de avaliación académica do alumnado que curse as ensinanzas superiores de arte dramática no curso 2005-2006 e en relación a outros aspectos do Decreto 220/2005, do 7 de xullo

Este ano académico 2005-2006 estase a impartir o 1º curso das ensinanzas superiores de arte dramática na escola ubicada en Vigo. Como queira que está pendente por parte do Ministerio de Educación e Ciencia a publicación da normativa básica reguladora do proceso de avaliación e acreditación destas ensinanzas, cómpre que, por parte desta administración educativa, se fagan as aclaracións pertinentes a ter en conta na organización académica do presente curso respecto dos aspectos básicos sobre os informes de avaliación e os requisitos formais derivados do proceso de avaliación, que son precisos para garantir a mobilidade do alumnado entre as distintas escolas superiores do Estado, así como doutros aspectos non contemplados ou non desenvolvidos na súa totalidade no Decreto 220/2005, do 7 de xullo.

A tal fin, esta dirección xeral dita as seguintes instrucións:

Primeira

Para a avaliación das ensinanzas superiores de arte dramática estarase ao disposto no Decreto 220/2005, do 7 de xullo. En calquera caso, no Proxecto Curricular de Centro e nas correspondentes programacións de departamento, deberán incluírse os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, así como os contidos mínimos para cada materia, con independencia da súa condición de técnicas, prácticas e teóricas. Así mesmo, deberá establecerse o procedemento para a celebración dunha proba obxectiva ordinaria a realizar durante o mes de xuño e doutra proba obxectiva extraordinaria no mes de setembro, que se considerarán como convocatorias de xuño e setembro. O calendario das convocatorias de xuño e setembro farase público a comezos do mes de maio do curso escolar correspondente.

De igual maneira, o profesorado deberá establecer, para cada materia, os mecanismos que garantan a avaliación continua, segundo o establecido no artigo 31.2 do precitado Decreto 220/2005, que serán aprobados en xuntanza de departamento de acordo coas directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica. Os criterios de avaliación específicos de cada materia e os contidos obxecto de avaliación serán dados a coñecer ao alumnado.

Así mesmo, o alumando que deixe de asistir a clase nunha porcentaxe superior ao dez por cento do tempo lectivo de cada materia perderá o dereito a avaliación continua, podendo realizar as probas obxectivas establecidas para as convocatorias ordinaria de xuño e extraordinaria de setembro.

Segunda

No mes de xuño e no mes de setembro a xefatura de estudos da escola convocará, para cada un dos grupos existentes, unha sesión de avaliación ordinaria e extraordinaria, respectivamente, que será presidida polo xefe/a de estudos e á que asistirá o profesorado que imparte docencia en cada grupo. O calendario destas sesións de avaliación farase público a finais do mes de maio de cada curso escolar.

As cualificacións do alumnado e outros aspectos relativos a este proceso, como reclamacións, aparecen recollidos no Título V, Capítulo 1 do Decreto 220/2005. En todo caso, cómpre establecer os criterios para a información e comunicación do alumnado dos resultados da avaliación nos seguintes termos:

1. Finalizadas as sesións de avaliación ordinaria e extraordinaria, a xefatura de estudos fará públicas as actas de avaliación, e poñerá a disposición do alumnado unha certificación de cualificacións segundo modelo establecido pola secretaría da escola e que deberá figurar no Proxecto Curricular de Centro. As datas de información e comunicación dos resultados da avaliación serán incluídas no calendario oficial de avaliacións que se fará público a finais do mes de maio do curso escolar correspondente.
2. A partir da data de publicación das cualificacións o alumnado, segundo establece o artigo 32 do Decreto 220/2005, disporá de corenta e oito horas para presentar as reclamacións ás que se refire o dito artigo e seguindo os procedementos recollidos no mesmo.

Terceira

En relación coa promoción de curso, o referido Decreto 220/2005 considera algúns supostos que cómpre ampliar cos seguintes considerandos:

1. O alumnado poderá presentarlle á dirección do centro a renuncia á totalidade da matrícula durante o curso ata o último día hábil do mes de abril. A renuncia de matrícula suporá a perda da condición de alumno oficial, será aceptada sempre e non implicará a devolución de taxas.
2. O alumnado poderá solicitar a anulación de convocatorias, mediante solicitude dirixida á dirección do centro e que poderá presentar ata o último día hábil do mes de abril para a convocatoria ordinaria de xuño, e ata o último día hábil do mes de xuño para a convocatoria extraordinaria de setembro. Correspóndelle ao director da escola conceder a anulación de convocatorias, previo informe da xefatura de estudos, que en todo caso deberá ter unha causa que a xustifique.
3. Os alumnos que teñan esgotadas catro convocatorias poderán solicitar ata o 30 de setembro, ante a dirección do centro, unha convocatoria extraordinaria por circunstancias especiais que deberán xustificar, sen que se poida considerar como xustificación a falta de rendemento escolar. A escola tramitará a través da Delegación Provincial de Pontevedra, antes do 15 de outubro, as solicitudes que presenten os alumnos acompañadas dun informe da xefatura de estudos co visto e prace do director, no que constarán cantas circunstancias se consideraren

relevantes. Unha vez que o Servizo Provincial de Inspección emita o seu informe, darase traslado do expediente á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, para a oportuna resolución.

Cuarta

Os resultados da avaliación recolleranse nas actas correspondentes segundo modelo establecido pola secretaría da escola, que deberá figurar no Proxecto Curricular de Centro, así como no expediente persoal do alumno ao que se trasladarán as cualificacións recollidas nas actas. Asemade, a secretaría da escola elaborará e incluírá no seu Proxecto Curricular de Centro un modelo de certificación académica individual que poida ser utilizado polo alumnado nun traslado de expediente, polo que a información deberá consignarse en lingua galega e en lingua castelá.

Quinta

En relación cos traslados de expediente e cos traslados de matrícula viva, para a mesma especialidade, opción e curso, e no caso de incorporación de alumnos procedentes doutros centros educativos que impartan ensinanzas superiores de arte dramática establécense os seguintes criterios:

1. Para os traslados de matrícula viva solicitados antes do día 15 de novembro do ano escolar correspondente, estes só serán posibles no caso de que existan vacantes dispoñibles e non exista ningunha persoa en listaxe de espera. No caso das solicitudes presentadas con posterioridade a esa data, a dirección da escola deberá considerar a súa posibilidade en función das prazas dispoñibles.
2. Para cada traslado de expediente o aspirante deberá aportar a documentación que se estableza na secretaría da escola e, posteriormente, no Proxecto Curricular de Centro, ademais dunha certificación oficial de estudos.
3. Os alumnos que iniciaron os seus estudos de arte dramática noutra comunidade autónoma e se trasladen á comunidade autónoma de Galicia, deberán cursar as materias correspondentes aos cursos xa superados por eles que non se adapten ao currículo desta comunidade autónoma, establecido no citado Decreto 220/2005. Non obstante o anterior, os alumnos poderán solicitar a validación de materias que teñan superadas no seu centro de orixe, por aquelas do currículo desta comunidade autónoma, que teñan relación directa no seu deseño curricular.
4. Para validar as materias cursadas noutras comunidades autónomas, o alumno xuntará as programacións das materias superadas para que a escola poida establecer cales das materias que figuran no currículo de Galicia lle poden ser validadas. Será competencia da dirección do centro, previo informe da xefatura de estudos establecer as correspondentes validacións. A xefatura de estudos solicitará, de ser o caso, asesoramento dos diferentes departamentos relacionados coas materias de que se trate.
5. As ditas validacións deberán ser engadidas nun anexo ao expediente do alumno, que asinará o secretario do centro, co visto e prace do director. Así mesmo, xuntarase ao expediente do alumno toda a documentación relativa ás validacións

(solicitud do alumno, programación do centro de orixe, informe da xefatura de estudos, etc.).

6. As materias cursadas no centro de orixe que non sexan validables por ningunha das materias que figuran no currículo da comunidade autónoma de Galicia, poderán ser obxecto de recoñecemento como créditos de materias de libre elección ou optativas, debéndose, para este suposto, aplicar o mesmo procedemento de adaptación das materias antes citado.
7. En calquera caso sempre será esixible, cando menos, que o alumno que veña trasladado teña cursado o número de horas mínimas que dispón o Real decreto 754/1992, do 21 de abril, polo que se establecen os aspectos básicos do currículo das ensinanzas de arte dramática.

Sexta

En relación coas materias optativas para o curso escolar 2005/2006 e atendendo ás posibilidades derivadas da actual composición do claustro de profesores e profesoras autorízase a inclusión no catálogo establecido polo Decreto 220/2005 das denominadas “Técnicas de interpretación” e “Deseño de proxectos escénicos”.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2006
O director xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais

Antonio Vázquez Vázquez

ILMO. SR. DELEGADO PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA EN PONTEVEDRA
SR. DIRECTOR DA ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICA